

# *Día das letras galegas* na Universidade Complutense Un acto emotivo dedicado ó poeta Lois Pereiro

Carmen MEJIA RUIZ



O Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid celebrou o pasado 20 de maio o *Día das Letras Galegas* no Paraninfo da facultade de Filoloxía (Edificio A). Este acto, que engaiolou a tódolos asistentes, foi organizado por M<sup>a</sup> Asunción Canal Covelo, profesora de lingua galega na Titulación de Filoloxía Románica, coa colaboración de Erea Fernández e Hugo Martínez, que realizou a edición de *Conversa ultramarina* (Positivas, 2010), obra inédita de Lois Pereiro publicada co gallo das Letras galegas.

Na primeira parte do acto, un grupo de vinte estudantes de Filoloxía, pertencentes na súa maioría a Filoloxía Románica, leron poemas de Lois Pereiro intercalándoos con fragmentos da súa *Conversa ultramarina*. Esta lectura poética foi dirixida por M<sup>a</sup> Asunción Canal Covelo, quen demostrou, grazas a esa conxunción de voces que transmitiron a poesía de Lois Pereiro e conmovéron o público, que a lingua e a literatura galegas interesan á mocidade non galego-falante.

Na segunda parte do acto faláron Piedad Cabo, compañeira e musa do poeta, Paco Macías, responsable de Positivas –editora na que Lois Pereiro publicou en vida toda a súa poesía–, e o escritor Samuel Solleiro. Esta mesa redonda estivo coordinada pola profesora M<sup>a</sup> Asunción Canal quen, coas súas preguntas, fixo que os participantes desvelasen aspectos descoñecidos da vida e da poesía do poeta monfortino. Ao cabo, houbo unha rolda de preguntas na que os asistentes ofreceron as súas opinións e na que os amigos do poeta fixeron achegas persoais; entre eles, Manuel Iglesias, ficou sorprendido pola lectura do fragmento seguinte:

“(…) imos comer á casa de Manolo, que me trae lembranzas de conversas no Paseo de Extremadura; e aínda que o barrio é na outra punta, esa cor das paredes e esa calor no balcón falando do pasado” (*Conversa ultramarina*, p. 49).

Foi unha xornada inesquecível na que a *Universidad Complutense* tivo o privilexio de contar coa participación de *Piedad Cabo*, *Paco Macías* e

*Samuel Solleiro* para homenaxear a *Lois Pereiro* cos seus. Grazas a todos e, fundamentalmente, á profesora *M<sup>a</sup> Asunción Canal Covelo*, quen remata o seu lectorado en Madrid este curso académico. Aproveitamos, pois, para agradecerlle o seu traballo e dicirlle que a botaremos de menos.

GRACIÑAS, Chon.

